



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**Reunión do Comité de Seguridade e Saúde Intercentros**

No día de onte tivemos a continuación da reunión do CSSI do outro día, onde se analizaron as distintas medidas complementarias relativas a algunhas das actividades específicas que se desenvolven na AEAT:

- Persoal de manenemento
- Saídas dos Axentes, CTH e Inspectores
- Persoal de Informática
- Gabinetes Técnicos
- Gabinetes Sanitario do Servizo Médico
- Vixilantes
- Auxiliares de limpeza
- Medidas en actividades de Aduanas e Vixilancia Aduaneira que supoña a manipulación de mercancías e obxectos de terceiros, así como no Buque de Operacións Especiais, medidas en Bases Marítimas e Embarcacións, uso de vehículos de Aduanas e Vixilancia Aduaneira e medias en aeronaves.

Respecto aos borradores facilitados pola AEAT fixemos algunhas observacións, como son as relativas ás saídas dos Axentes (pois non se mencionaban o traballo propio dos Axentes de Módulos, ou de determinadas personacións), así como outras cuestións de redacción. Pensamos que se debe manter o teletraballo en todos os casos nos que sexa posible e limitar a presenza física nos centros de traballo só en casos moi puntuais, todo elo con cita previa e con todas as medidas de protección que xa reclamamos na reunión anterior.

A AEAT tomou nota das nosas achegas polo que esperamos se modifiquen os documentos, que nos remitirán en breve

Respecto aos protocolos para as actividades de Vixilancia Aduaneira, que foi a parte principal da reunión, comentamos as seguintes cuestións:

- Solicitamos que, previo ao embarque do Buque de Operacións Especiais se realicen probas de detección serolóxica do Covid-19 para coñecer o estado de saúde dos tripulantes, así como outras medidas, como a toma de temperatura e adecuada dotación nos botiquíns (respirador artificiais ou mesmo tests). Hai que pensar o perigo que supón que poida haber algún caso nas tripulación nestas embarcación que saen por un período longo o problema que pode supoñer para toda a tripulación que se dé un caso de covid en alta mar.

-

- Solicitamos que o persoal de Vixilancia Aduaneira non comparta camarotes, pois supón unha situación de risco que se pode evitar.
- No apartado relativo aos “Traballadores especialmente sensibles” solicitamos que se modifique a redacción, pois dáse a entender que é posible o embarque de persoal maior de 60 anos. Entendemos que non hai discusión neste punto, ás instrucións do Ministerio de Sanidade son claras e non deixan lugar a ningún tipo de interpretación: os maiores de 60 anos se considerarán traballadores especialmente sensibles, por tanto se lle poderán asignar outras tarefas pero non embarcar. No mesmo sentido, no resto do casos, non hai marxe algún á interpretación. A prioridade debe ser a saúde do persoal.
- Expuxemos que non vimos ningún tipo de reforzo no servizo de limpeza das embarcacións, pese a ser unha das medidas máis lóxicas para a loita contra a pandemia. Como xa levamos comentando nos distintos Comités de Saúde Laboral Provinciais, o que vemos é xusto o revés: ao persoal de limpeza das embarcacións galegas asignáronselles menos horas para a facer este traballo nas embarcacións, xa que a maiores, neste ano tamén teñen que asumir a limpeza da embarcación Petrel. Tampouco compartimos que sexan os propios traballadores os que teñan que asumir a limpeza das zonas comunes, pensamos que o persoal do SVA ten outros cometidos e non poden asumir tamén esa responsabilidade.
- Solicitamos tamén unha limpeza completa de filtros, aire acondicionado, cocina e máquinas das embarcacións.
- Respecto ás saídas con tripulacións mínimas, comentamos que saír nesas condicións é un risco en sí mesmo, e mostramos o noso total desacordo, polo que entendemos que as únicas saídas que poderían facerse cando se dé esa situación sería para o mantemento da embarcación e nunca por un tempo superior a dúas horas
- Comentamos tamén a a falta de EPIS adecuados ao persoal: fundas, mascarillas homologadas FFPS, así como que se faga un seguimento da entrega destas equipacións. O mesmo co resto das medidas de protección que están contempladas.
- Respecto á desinfección de vehículos, que está pensada para realizarse cada 6 ou 7 días, entendemos que debe ser máis frecuente xa que pode haber traslado de persoas, mercancías, etc. que fagan necesario que ésta se realice con máis periodicidade
- En canto ás medidas nos medios aéreos de Vixilancia Aduaneira, e as dificultades que pode haber para cumprir a norma dos separación entre persoas, solicitamos que as misións que se realicen sexan unicamente as inevitables e por suposto cos medios de protección adecuados.

Da nosa intervención tomou nota o Servizo de Prevención, e vimos unha boa disposición a ter en conta as nosas propostas.

Dado que estas son as peticións xenéricas que logo hai que adaptalas ao caso propio que se dé en cada Delegación ou Base, informámonos que nos próximos días teremos reunión dos Comités Provinciais, polo que se tedes algunha dúbida, queixa ou pregunta para que traslademos, contactade con nós.